

ACTA NÚM. 10 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 19 DE XULLO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:09 horas** do día **19 de xullo de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

O R D E D O D Í A:

- 1. Ratificación da urxencia da sesión.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación inicial da modificación da ordenanza municipal das terrazas e quioscos de hostalería.**
- 4. Aprobación inicial da modificación da ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.**
- 5. Aprobación inicial da modificación da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.**

Cumpriméntase así:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno ratifica a urxencia da sesión.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA.

Con respecto ao asunto do epígrafe, a xefa de servizo de licenzas e disciplina urbanística con data 7 de maio do corrente ano, emitiu o seguinte informe que ven co conforme do director da asesoría xurídica:

“MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DE HOSTALERÍA. Aprobada por acordo do Pleno da Corporación do 26 de abril de 2012 e modificada por acordo do mesmo órgano o 26 de setembro de 2013.

Primeiro: Na exposición de motivos da denominada ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería de Santiago de Compostela, aparece como xustificación da nova ordenación, entre outras, que a normativa anterior non regulaba “o caso das terrazas sitas en chan privado”.

Así, xa dentro do articulado no artigo 2. Tipos de instalación autorizables; establécese unha categoría para cada un dos seguintes usos: o de Terraza e o de Terraza con pechamento estable.

O primeiro, defínese como as instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, xardiñeiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles ou desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais ...

Así mesmo sinala, que esas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado.

A diferenza do exposto (que sen pechamento estable permite a instalación de terrazas accesorias ás actividades descritas, tanto en chan privado coma no público) no apartado segundo o artigo describe un suposto de uso diferente, caracterizado porque a terraza está baixo un pechamento estable no seu perímetro e cuberta mediante elementos desmontables, en terreos de titularidade ou uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e patios interiores.

Ese dereito establecido no art. 2.1 da ordenanza que determinaría a posibilidade de instalar terraza sen pechamento estable en chan privado accesorio ás actividades sinaladas no art. 2.1, resultou ata o de agora de difícil práctica pola interpretación limitadora que se estaba a dar ao contido da DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA da Ordenanza.

Así a D.D. sinala:

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I,II e III no exterior (terrazas en vía pública) non estarán sometidas ás limitacións do illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán rúidos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, ós niveis fxados como niveis de recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de rúidos , vibracións e condicións dos locais.

En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música ou outras reproducións sonoras, así como outros elementos que sexan susceptibles de producir rúidos.

Esta redacción ten sido interpretada en sentido restrictivo excluindo actividades complementarias en chan privado, baleirando de contido o autorización establecida no apartado 1 do artigo 2, denegando as solicitudes de instalación de terrazas sen pechamento, por exemplo, nas hortas traseiras ou axardinamentos.

A Disposición derogatoria fala de actividades complementarias en plural non dunha actividade complementaria en concreto.

Parece que a alusión que se fai entre paréntese á terraza en vía pública é un exemplo con finalidade aclaratoria e non limitativa ou de “numerus clausus”. De ser esa a lectura, o parágrafo iniciárase coa frase “As terrazas en vía pública” e non “As actividades complementarias”.

Porén, a efectos de aportar claridade e seguridade aos solicitantes e aos traballadores públicos á hora de resolver as solicitudes presentadas e, por outra banda, non facer baldía a posibilidade da instalación destas terrazas que, como novidade, aparece na exposición de motivos da norma.

Tendo en conta a realidade do disfrute deste tipo de uso, fundamentalmente nos eidos da Cidade Histórica con frecuentes espazos acondicionados como libre privado detrás da liña interior da edificación permitindo disfrutar dos numerosos xardíns e hortas interiores, e constituíndo unha oferta xa tradicional nesta cidade, que pode e debe convivir co uso normal de vivenda e sen molestias; resulta obxecto desta modificación aportar claridade e dar nova redacción a esa DISPOSICIÓN DEROGATORIA eliminando o elemento distorsionador da paréntese especificando que a derogación resulta así mesmo aplicable ás actividades complementarias tanto en chan privado como público .No caso de que a actividade complementaria se desenvolva en chan privado, e dado o seu sometemento a réxime xurídico de licenza ; a autorización estará

condicionada á inexistencia de molestias de xeito tal, que demostrada a existencia de molestias dentro da orde competencial desta administración, ésta operaría como condición resolutoria, de xeito que a licenza quedará revogada automaticamente sen necesidade de máis trámites que a declaración de revogación e procederá a súa retirada.

O solicitante debe manifestar acordo expreso coa condición, na documentación presentada coa solicitude.

NOVA REDACCIÓN DA DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA da Ordenanza.

“Quedan derogados os artigos 108,109,110, 111 e 112 da actual Ordenanza de circulación e uso da vía pública e o parágrafo 6º do artigo 43 da vixente ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións, e condicións dos locais, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I, II e III no exterior tanto no chan público coma no privado, non estarán sometidas ás limitacións de illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, os niveis fixados como niveis de recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais. En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música así como outros elementos que sexan susceptibles de producir ruídos.

A autorización está condicionada á inexistencia de molestias, que se probará, no seu caso, coa correspondente medición sonométrica cuxo coste se liquidará ao titular da actividade a cuxo servizo se instalou a terraza. A existencia de ruídos que superen os límites permitidos en espazos lindantes, horizontais ou verticais, cuxo foco sexa a actividade de terraza autorizada con licencia, determinará a revogación desta previa audiencia e a retirada da terraza a costa do interesado.

O solicitante debe manifestar acordo expreso coa condición exposta, na documentación presentada coa solicitude.

Segundo: Por outra banda, resulta esixencia legal a modificación do apartado 4 do artigo 27.-Vixencia e renovación das autorizacións.

O meritado apartado estende a dez anos o período de vixencia das terrazas con pechamentos estables, suxeita a autorización e non a concesión demanial.

Tendo en conta que a Lei de Patrimonio das Administracións no seu artigo 92.3 establece que “as autorizacións terán que ser outorgadas por un tempo determinado; o seu prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, será de catro anos”. Mudarase o artigo neste sentido, ao estar ante unha cuestión de estrita legalidade. No mesmo senso o artigo 39.3 da Lei de Patrimonio de Galicia 5/2011, do 30 de setembro.

A modificación limitada que agora se plantexa, enténdese sen prexuízo de realizar unha valoración máis de fondo, sobre os termos nos que a actual ordenanza establece a habilitación para a instalación destes elementos fixos en vía pública.

As autorizacións xa concedidas poderán ser revogadas nos termos da regulación xeral de procedemento administrativo para os actos nulos ou anulables.

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 27

“Art. 27.4 Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia máxima, incluídas as prórrogas, de catro anos. Finalizado o período de vixencia, non poderá solicitarse unha nova autorización.

Poderá ser revogada antes da finalización dese período por razóns de interese público sen dereito a indemnización.”

Terceiro: outro dos aspectos que xera una importante disfunción, dificulta o control e retrasa a tramitación é o preocupante número de solicitudes de **modificación das condicións iniciais da autorización de terraza xa concedida nunha mesma tempada.**

En aras de minimizar esa problemática e reducir a súa implicación na tramitación de novas solicitudes que se ven necesariamente retrasadas na súa resolución, plantéxase engadir un novo apartado no artigo 4 que impida a modificación dos termos da autorización salvo supostos moi xustificadas que o solicitante deberá razoar, aportando os documentos e probas necesarias para fundamentar a modificación solicitada. En ningún caso se tramitarán nunha mesma tempada máis dunha solicitude de modificación.

De conformidade con esta pretensión procede asemade, a eliminación da disposición transitoria segunda da ordenanza que ten o seguinte contido:

Disposición transitoria segunda: as autorizacións para instalar novas terrazas ou para modificar as existentes, nas condicións previstas nesta ordenanza, poderán solicitarse en calquera momento.

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 4

Art.4.8 Nunha mesma tempada ao ano natural, só se permitirá a modificación dos termos da autorización concedida en supostos moi xustificados que o solicitante deberá razoar, aportando os documentos e probas necesarias.

En ningún caso se tramitarán nunha mesma tempada máis dunha solicitude de modificación.

Cuarto: Resulta unha petición recorrente da hostelería a de que estea fixado expresamente o prazo de recollida e limpeza da instalación unha vez rematado o prazo de funcionamento.

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 6.1.-Horarios.Proponse modificar o seu contido no senso seguinte engadindo un novo apartado:

1. O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1:00 hora da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2:00 horas da madrugada os sábados (noites de venres a sábado), víspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será as 2:30 horas da madrugada tódolos días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 23:30 horas entre semana e ás 00:30 horas en sábados (noites do venres ao sábado), víspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo) podendo prorrogarse en época de festas.

2. Rematado o tempo de permanencia, a limpeza e retirada do mobiliario constitutivo da terraza levarase a cabo no prazo máximo de 30 minutos. En todo caso a operación de retirada do mobiliario debe facerse sen causar molestias aos veciños.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada.Entendendo tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual a que vai desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro.No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderáse prorrogada automaticamente en iguais termos.

Quinto:A utilización por un local de fronte de fachada libre distinta ao do propio local é fonte habitual de controversia; debendo ser obxecto de modificación nun intento de clarear os termos da antedita extensión.

Na actualidade a regulacion é a seguinte: artigo 16.Modalidades de ocupación.Punto 5.

A terraza poderá situarse acaroada á fachada do establecemento ou estar separada desta ata un máximo de vinte metros. No primeiro caso, a lonxitude da terraza será a da fachada do establecemento, podendo superar os límites desta con autorización dos propietarios dos locais comerciais estremeiros que poden verse afectados pola instalación da terraza. Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poda verse afectada a visibilidade ou acceso a un local comercial. Non se requerirá autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.

Propónse a súa modificación coa seguinte redacción,

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 16.5

Con carácter xeral a terraza deberá situarse acaroada á fachada do establecemento e a súa lonxitude limitarase á da fachada do local do que é auxiliar.

Excepcionalmente, poderá estar separada desta ata un máximo de vinte metros.

No primeiro caso, previa valoración dos técnicos municipais, a ocupación tan só poderá superar os límites da fachada do establecemento, previa solicitude debidamente fundamentada a que se achegará autorización dos propietarios dos locais comerciais estremeiros que poden verse afectados pola instalación da terraza. Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poda verse afectada a visibilidade ou acceso a un local comercial. Non se requerirá autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.

1. Procedemento de tramitación

En virtude do disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, corresponde á Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos de ordenanzas.

Unha vez aprobado o proxecto polo indicado órgano, a Ordenanza deberá someterse a aprobación do Pleno ao atribuírlle a competencia o artigo 123.1,d) da Lei 7/1985.

A tramitación axustarase ao seguinte procedemento, determinado no artigo 49 da Lei 7/1985, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril (B.O.E. do 22 de abril), de modificación da citada Lei 7/1985; que é o seguinte:

- a) Aprobación inicial polo Pleno
- b) Información pública e audiencia dos interesados, por prazo mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxestións
- c) Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva.

No caso de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e no artigo 65 da Lei 7/1985, a modificación da Ordenanza non producirá efectos, ata que non se leve a cabo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e tiveran transcorridos 15 días dende a súa publicación.

Para a aprobación da Ordenanza polo Pleno da Corporación é necesario o informe previo da Asesoría xurídica, segundo establece o artigo 89 do Regulamento orgánico municipal.

Non resulta preciso, sen embargo, someter a Ordenanza a informe previo da Intervención Xeral Municipal posto que non nos atopamos en ningún dos supostos previstos no artigo 173 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a aprobación do documento non xera de por si consecuencias que o fagan necesario, fóra dos potenciais ingresos que as taxas por ocupación poidan xerar no futuro.

Visto o exposto, sen prexuízo doutro parecer mellor en dereito ao que se somete o informe e o texto da ordenanza proposta, entendo que procede someter o proxecto de modificación á Xunta de Goberno Local, a fin de que adopte acordo no sentido de:

Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalaría do Concello de Santiago de Compostela que afecta á súa disposición derogatoria única, artigo 4, artigo 6, artigo 16, e artigo 27, que quedarán redactados nos seguintes termos:

NOVA REDACCIÓN DA DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA da Ordenanza.

“Quedan derogados os artigos 108,109,110, 111 e 112 da actual Ordenanza de circulación e uso da vía pública e o parágrafo 6º do artigo 43 da vixente ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións, e condicións

dos locais , así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I, II e III no exterior tanto no chan público coma no privado, non estarán sometidas ás limitacións do illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, os niveis fixados como niveis de recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos , vibracións e condicións dos locais .En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música así como outros elementos que sexan susceptibles de producir ruídos.

A autorización está condicionada á inexistencia de molestias, que se probará coa correspondente medición sonométrica cuxo coste se liquidará ao titular da actividade a cuxo servizo se instalou a terraza. A existencia de ruídos que superen os límites permitidos en espazos lindantes, horizontais ou verticais, cuxo foco sexa a actividade de terraza autorizada con licencia, determinará a revogación desta previa audiencia e a retirada da terraza a costa do interesado.

O solicitante debe manifestar acordo expreso coa condición, na documentación presentada coa solicitude.

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 4

Art.4.8.Nunha mesma tempada ao ano natural, só se permitirá a modificación dos termos da autorización concedida en supostos moi xustificadas que o solicitante deberá razoar, aportando os documentos e probas necesarias.

En ningún caso se tramitarán nunha mesma tempada máis dunha solicitude de modificación.

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 6.1.-Horarios.

1.-O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1:00 hora da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2:00 horas da madrugada os sábados (noites de venres a sábado), víspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será as 2:30 horas da madrugada tódolos días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 23:30 horas entre semana e ás 00:30 horas en sábados (noites do venres ao sábado), víspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo) podendo prorrogarse en época de festas.

2.-Rematado o tempo de permanencia, a limpeza e retirada do mobiliario constitutivo da terraza levarase a cabo no prazo máximo de 30 minutos. En todo caso a operación de retirada do mobiliario debe facerse sen causar molestias aos veciños.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual a que vai desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderáse prorrogada automaticamente en iguais termos.

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 16.5

Con carácter xeral a terraza deberá situarse acaroada á fachada do establecemento e a súa lonxitude limitarse á da fachada do local do que é auxiliar.

Excepcionalmente, poderá estar separada desta ata un máximo de vinte metros.

No primeiro caso, previa valoración dos técnicos municipais, a ocupación tan só poderá superar os límites da fachada do establecemento, previa solicitude debidamente fundamentada a que se alcanzará autorización dos propietarios dos locais comerciais estremeiros que poden verse afectados pola instalación da terraza. Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poda verse afectada a visibilidade ou acceso a un local comercial. Non se requirirá autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 27

“Art. 27.4 Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia máxima, incluídas as prórrogas, de catro anos. Finalizado o período de vixencia, non poderá solicitarse unha nova autorización.

Poderá ser revogada antes da finalización dese período por razóns de interese público sen dereito a indemnización.”

Eliminar a disposición transitoria segunda da ordenanza en vigor que ten o seguinte contido: Disposición transitoria segunda.- As autorizacións para instalar novas terrazas ou para modificar as existentes, nas condicións previstas nesta ordenanza, poderán solicitarse en calquera momento.

Incluir unha nova disposición transitoria segunda, co seguinte contido:

NOVA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

As autorizacións de ocupacións de vía pública para terrazas con pechamentos estables concedidas para prazo superior a catro anos en aplicación do desposto na anterior redacción do artigo 27.4, quedan suxeitas aos procesos de revisión do artigo 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común.

Remitir ao Pleno o proxecto aprobado para a súa tramitación nos termos do artigo 49 da LRBRL.”

Con data 16 de xullo do corrente ano dítese instrución interpretativa do artigo 17.4 da devandita ordenanza, co seguinte contido:

Ao teren xurdido discrepancias de interpretación sobre o disposto no apartado 4 do artigo 17. **Condicións para a instalación da terraza e do seu mobiliario**, da Ordenanza Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería aprobada por acordo de Pleno de 26 de setembro de 2013, modificado por acordo de data 26 de setembro de 2013 cómpre a aprobación dun criterio interpretativo no marco da normativa básica do procedemento administrativo común .

O citado artigo 17; establece o seguinte no seu punto nº 4:

As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal estableceráse un corredor intermedio que permitirá o acceso aos camareiros ás mesas.

Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0.50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizaráse dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaránse os módulos descritos neste artigo.

Esta última previsión estase entendendo por parte dos servizos de inspección no senso de que necesariamente debe solucionarse a ocupación con algunha das configuracións descritas no apartado 3 do artigo 17; de tal xeito que agrupacións distintas as sinaladas como letras A) B) C) D) - por exemplo, de dúas mesas xuntas con oito cadeiras - son consideradas desaxustes sobre o autorizado.

Coa finalidade de aportar seguridade e certeza á situación exposta aprobase a seguinte CRITERIO INTERPRETATIVO que terá efectos fronte a todos os servizos desta administración municipal desde a data da resolución.

Deberáse inserir na páxina web municipal:

Redacción proposta:

O artigo 17.**Condicións para a instalación da terraza e do seu mobiliario.** da Ordenanza Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería aprobada por acordo de Pleno de 26 de setembro de 2013, modificado por acordo de data 26 de setembro de 2013; establece o seguinte no seu punto nº 4:

Dentro da superficie de ocupación autorizada o total do número de mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña, podéndose variar a súa disposición pero non o seu número, a superficie e os límites do ámbito autorizados.”

A modificación da devandita ordenanza foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 6 de xullo do corrente ano.

Xa que logo, á vista da documentación que obra no expediente e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a sesión que tivo lugar o día 17 de xullo do corrente ano (no que se introduciron emendas ao proxecto aprobado por Xunta de Goberno), o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería do Concello de Santiago de Compostela que afecta á súa disposición derogatoria única, artigo 4, artigo 6, artigo 16, artigo 17.4 e artigo 27, que quedarán redactados nos seguintes termos:

NOVA REDACCIÓN DA DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA da Ordenanza.-

“Quedan derogados os artigos 108,109,110, 111 e 112 da actual Ordenanza de circulación e uso da vía pública e o parágrafo 6º do artigo 43 da vixente ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións, e condicións dos locais, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I, II e III no exterior tanto no chan público coma no privado, non estarán sometidas ás limitacións do illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, os niveis fixados como niveis de

recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música así como outros elementos que sexan susceptibles de producir ruídos.

A autorización está condicionada á inexistencia de molestias, que se probará coa correspondente medición sonométrica cuxo coste se liquidará ao titular da actividade a cuxo servizo se instalou a terraza. A existencia de ruídos que superen os límites permitidos en espazos lindantes, horizontais ou verticais, cuxo foco sexa a actividade de terraza autorizada con licencia, determinará a revogación desta previa audiencia e a retirada da terraza a costa do interesado.

O solicitante debe manifestar acordo expreso coa condición, na documentación presentada coa solicitude.”

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 4.-

“Art.4.8.Nunha mesma tempada ao ano natural, só se permitirá a modificación dos termos da autorización concedida en supostos moi xustificados que o solicitante deberá razoar, aportando os documentos e probas necesarias.

En ningún caso se tramitarán nunha mesma tempada máis dunha solicitude de modificación.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 6.1.-Horarios.

“1.-O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1:00 hora da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2:00 horas da madrugada os sábados (noites de venres a sábado), víspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será as 2:30 horas da madrugada tódolos días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 23:30 horas entre semana e ás 00:30 horas en sábados (noites do venres ao sábado), víspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo) podendo prorrogarse en época de festas.

2.-Rematado o tempo de permanencia, a limpeza e retirada do mobiliario constitutivo da terraza levarase a cabo no prazo máximo de 30 minutos. En todo caso a operación de retirada do mobiliario debe facerse sen causar molestias aos veciños.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual a que vai desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderáse prorrogada automaticamente en iguais termos.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 16.5.-

“Con carácter xeral a terraza deberá situarse acaroada á fachada do establecemento e a súa lonxitude limitarase á da fachada do local do que é auxiliar.

Excepcionalmente, poderá estar separada desta ata un máximo de vinte metros.

No primeiro caso, previa valoración dos técnicos municipais, a ocupación tan só poderá superar os límites da fachada do establecemento, previa solicitude debidamente fundamentada a que se achegará autorización dos propietarios dos locais comerciais estremeros que poden verse afectados pola instalación da terraza.

Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poda verse afectada a visibilidade ou acceso a un local comercial. Non se requirirá autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 17.4.

“As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal estableceráse un corredor intermedio que permitirá o acceso aos camareiros ás mesas.

Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0.50 metros.

A superficie ocupada polo corredor contabilizaráse dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaránse os módulos descritos neste artigo.

Dentro da superficie de ocupación autorizada, o total do número de mesas e cadeiras poderá dispoñerse como mellor conveña, podándose variar a súa disposición pero non o seu número, a superficie e os límites do ámbito autorizado.”

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 27.-

“Art. 27.4 Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia máxima, incluídas as prórrogas, de catro anos. Se a duración do uso ou aproveitamento excedese de 4 anos, estará suxeito a concesión administrativa.

En todo caso, a autorización poderá ser revogada, por razóns de interese público e sen dereito a indemnización, antes da finalización do seu prazo de duración.”

Eliminar a disposición transitoria segunda da ordenanza en vigor que ten o seguinte contido: Disposición transitoria segunda.- As autorizacións para instalar novas terrazas ou para modificar as existentes, nas condicións previstas nesta ordenanza, poderán solicitarse en calquera momento.

Incluír unha nova disposición transitoria segunda, co seguinte contido:

NOVA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.-

“As autorizacións de ocupacións de vía pública para terrazas con pechamentos estables concedidas para prazo superior a catro anos en aplicación do desposto na anterior redacción do artigo 27.4, quedan suxeitas aos procesos de revisión do artigo 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Segundo: En aplicación do procedemento regulado polo artigo 49 da Lei 7/1985 de bases do réxime local, a modificación inicialmente aprobada someterase a información pública e audiencia dos interesados durante o prazo de 30 días.

No suposto de que non se tiveran formulado reclamacións ou suxestións durante o período de información pública e audiencia aos interesados, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

4. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA.

O informe proposta emitido con data 5 de xullo do corrente ano, pola xefa de servizo de licencias e disciplina urbanística que trae o conforme do director da asesoría xurídica, en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“INFORME PROPOSTA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A normativa municipal en relación co desenvolvemento e control de espectáculos públicos e actividades recreativas, require unha análise profunda e unha modificación substancial derivada do cambio dos parámetros que tradicionalmente viñan regulando o seu control administrativo previo e posterior. A finalidade desa modificación

substancial exixida “ex lege”, debe ser acadar a debida adaptación aos novos marcos lexislativos, dotar de seguridade xurídica e favorecer a simplificación administrativa.

Este necesidade tense convertido en perentoria como consecuencia da entrada en vigor da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas que modifica articulado da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia, así como o réxime de distribución competencial entre a Comunidade Autónoma de Galicia e as Adminstracións municipais no ámbito que nos ocupa; razón pola que se ven a propoñer a realización das modificacións puntuais que deseguido se expoñen, en tanto non se acomete a revisión sinalada no primeiro parágrafo.

1. Proposta de modificación da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa

Con carácter xeral, todas as referencias ao sometemento a comunicación previa das aperturas de establecementos nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e á organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, entenderáse referida á **declaración responsable** en aplicación do artigo 40 da lei 9/2013 de emprendemento e a competitividade económica de Galicia, modificada neste senso pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Modificación do artigo 8.n)

Redacción actual

n) Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal ou autonómica.

Redacción proposta

n) Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal ou autonómica, nomeadamente, as previstas no artigo 41bis.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Procedemento de tramitación

En virtude do disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, corresponde á Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos de ordenanzas.

Aos efectos do disposto no artigo 133 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común, enténdese excluída a consulta previa ao se tratar dunha modificación parcial.

Unha vez aprobado o proxecto polo indicado órgano, a Ordenanza deberá someterse a aprobación do Pleno ao atribuírlle a competencia o artigo 123.1,d) da Lei 7/1985.

A tramitación axustarase ao seguinte procedemento, determinado no artigo 49 da Lei 7/1985, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 abril (B.O.E. do 22 abril), de modificación da citada Lei 7/1985; que é o seguinte:

a) Aprobación inicial polo Pleno

b) Información pública e audiencia dos interesados, por prazo mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxestións

c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva.

No caso de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e no artigo 65 da Lei 7/1985, a modificación da Ordenanza non producirá efectos, ata que non se leve a cabo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e tiveran transcorridos 15 días dende a súa publicación.

Para a aprobación da Ordenanza polo Pleno da Corporación é necesario o informe previo da Asesoría xurídica, segundo establece o artigo 89 do Regulamento orgánico municipal.

Non resulta preciso, sen embargo, someter a Ordenanza a informe previo da Intervención Xeral Municipal posto que non nos atopamos en ningún dos supostos previstos no artigo 173 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a aprobación do documento non xera de por si consecuencias que o fagan necesario, fóra dos potenciais ingresos que as taxas por ocupación poidan xerar no futuro.

Visto o exposto, sen prexuízo doutro parecer mellor en dereito ao que sometemos o presente informe e a modificación proposta, procede dar traslado do proxecto de modificación á xunta de goberno local a efectos de que adopte acordo no sentido de aprobar as modificacións da Ordenanza xeral municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa aprobada polo

Pleno o 27 de marzo de 2015, no sentido exposto que afecta, entre outros, ao apartado n) do artigo 8 da citada norma.

Remitir ao Pleno o proxecto aprobado para a súa tramitación nos termos do artigo 49 da LRBRL.”

Con respecto á modificación da presente ordenanza emitiu informe xurídico o director da asesoría xurídica, con data 6 de xullo do corrente ano, que figura no expediente.

Xa que logo, á vista do informe proposta transcrito e demais documentación que obra no expediente, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda:

Primeiro: A aprobación inicial da modificación do artigo 8.n) da ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, que quedaría redactado do seguinte xeito:

8.n) Todas as actuacións eximidas pola lexislación estatal ou autonómica, nomeadamente, as previstas no artigo 41bis.1 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Segundo: En aplicación do procedemento regulado polo artigo 49 da Lei 7/1985 de bases do réxime local, a modificación inicialmente aprobada someterase a información pública e audiencia dos interesados durante o prazo de 30 días.

No suposto de que non se tiveran formulado reclamacións ou suxestións durante o período de información pública e audiencia aos interesados, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA EMISIÓN E RECEPCIÓN DE RUÍDOS, VIBRACIÓNS E CONDICIÓN DOS LOCAIS.

O informe proposta emitido con data 5 de xullo do corrente ano, pola xefa de servizo de licencias e disciplina urbanística que trae o conforme do director da asesoría xurídica, en relación ao asunto do epígrafe ten o seguinte contido:

“INFORME PROPOSTA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A normativa municipal en relación co desenvolvemento e control de espectáculos públicos e actividades recreativas, require unha análise profunda e unha modificación substancial derivada do cambio dos parámetros que tradicionalmente viñan regulando o

seu control administrativo previo e posterior. A finalidade desa modificación substancial exixida “ex lege”, debe ser acadar a debida adaptación aos novos marcos lexislativos, dotar de seguridade xurídica e favorecer a simplificación administrativa.

Este necesidade tense convertido en perentoria como consecuencia da entrada en vigor da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas que modifica articulado da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e a competitividade económica de Galicia, así como o réxime de distribución competencial entre a Comunidade Autónoma de Galicia e as Adminstracións municipais no ámbito que nos ocupa; razón pola que se ven a propoñer a realización das modificacións puntuais que deseguido se expoñen, en tanto non se acomete a revisión sinalada no primerio parágrafo.

2. Proposta de modificación da Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de rúidos, vibracións e condicións dos locais.

Engádese un apartado 2 no artigo 42

Redacción proposta

2. Nos establecementos públicos dedicados a máis dun tipo de espectáculos, á prestación de máis dunha clase de servizos ou ao desenvolvemento de máis dunha categoría de actividades recreativas compatibles, cumprirá que conste esa circunstancia nos títulos habilitantes. Estes títulos indicarán cal é o espectáculo, servizo ou actividade recreativa que se considera principal do establecemento. As condicións específicas sobre aforo ou cabida, evacuación, límites sonométricos e horario serán as do espectáculo, servizo ou actividade recreativa declarada como principal.

Xustificación: determinar con claridade, cando un local realiza varias actividades ou servizos dos suxeitos a clasificación, cal é o principal e o réxime xurídico que lle é aplicable ao establecemento.

Supresión do artigo 44.3

3. Superficies mínimas esixibles

A superficie mínima dos establecementos, medida en planta baixa e sen computar a entreplanta, se a houber, será de:

- a) Grupo I: sesenta (60) metros cadrados.
- b) Grupo II: oitenta (80) metros cadrados.
- c) Grupo III: cento cincuenta (150) metros cadrados.
- d) Grupo IV: douscentos cincuenta (250) metros cadrados.
- e) Grupo V: cen (100) metros cadrados.

De forma excepcional, nos edificios de uso exclusivamente comercial a superficie mínima poderá considerarse noutras plantas.

Xustificación: este apartado non se axusta aos principios derivados dos artigos 9 da Ley 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, 4 da Lei 40/2015, de 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público, e 5 da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, porque condiciona o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercicio a un requisito que non cumpre os criterios de proporcionalidade, de estar xustificado por unha razón imperiosa de interese xeral e non ser discriminatorio.

Modificación do artigo 44.6

Redacción actual

6. Non se permitirá a instalación e uso de aparellos de música ou videomusicais ou a utilización de instrumentos de amplificación ou altosfalantes distintos aos dos propios aparellos, nos establecementos do grupo I.

Nesta categoría de establecementos soamente poderá instalarse fío musical, un aparello de música ou de T.V. que deberán funcionar sen estar conectados a amplificadores ou altosfalantes distintos aos propios do aparello.

Redacción proposta

6. Con carácter xeral, nos establecementos dos Grupos I a V permítese a amenización ou ambientación musical por medios técnicos ou con voz e música en directo, con ou sen amplificación. Non se poderán superar, en ningún caso, os niveis máximos de inmisión, emisión e recepción previstos no Anexo do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Para estes efectos enténdese por amenización musical a realización en directo de actuacións musicais ou músico-vocais; e por ambientación musical a propagación ou difusión de música a partir dun sinal recibido por calquera medio de transmisión ou reproducida desde calquera clase de gravación diferente das actuacións ao vivo.

No caso de que se desenvolvan concertos en directo en establecementos habilitados para a prestación dese servizo como complementario doutra actividade principal, o aforo ou cabida do establecemento continuará sendo o correspondente á actividade principal. Considérase actividade principal a que conste no título habilitante do establecemento, a que é definitoria da súa categoría ou a que se desenvolva habitualmente.

Xustificación: as emisións sonoras deben respectar os límites fixados na normativa de protección contra a contaminación acústica con independencia da súa orixe ou fonte de produción. Manter diferenciacións entre as distintas categorías de locais en función dos aparellos, orixe ou fontes de produción das emisións é contrario á lexislación de control de actividades.

Modificación do artigo 47.1 Instalación de aparello de control (sonógrafos)

Redacción actual

1. Para o mellor control dos límites sonoros establecidos nesta Ordenanza, establécese para todas as actividades clasificadas dentro dos grupos II, III, IV e V a obriga de instalar aparellos de control permanente de emisión sonora, que incluso provoquen a interrupción da emisión cando supere os límites establecidos. Os gastos que se ocasionen pola realización desta instalación, incluído o custo do aparello, correrán por conta dos titulares da actividade.

Redacción proposta:

1. Para controlar os límites sonoros establecidos nesta Ordenanza e no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa, os establecementos que desenvolvan actividades clasificadas dentro dos grupos II, III, IV e V están obrigados a instalar aparellos de control permanente de emisións sonoras, dotados de dispositivo que as interrumpa cando superen os límites establecidos. Os gastos derivados da instalación e funcionamento dos citados aparellos correrán por conta dos titulares da actividade.

Esta obrigación tamen lles será exixible aos establecementos do Grupo I cuxo título habilitante lles permita contar con amenización nos termos definidos no apartado 6 do artigo 44 desta Ordenanza.

Xustificación: de xeito coherente co sometemento homoxéneo de todos os Grupos á lexislación de control de ruídos con independencia da forma de produción das emisións sonoras, introdúcese unha previsión para garantir o control sonoro aos locais do Grupo I que contén con amenización musical.

Disposición adicional terceira

Redacción actual:

Os outros tipos de actividades molestas non previstas especificamente nesta Ordenanza

(talleres, garderías baixo vivendas, panaderías e pastelerías -con fabricación-carnicerías, locutorios informáticos, ximnasios e outros de natureza semellante) esixiráselles unha insonorización mínima de 60 db A.

Redacción actual:

Os outros tipos de actividades molestas non previstas especificamente nesta Ordenanza (talleres, garderías baixo vivendas, panaderías e pastelerías -con fabricación-carnicerías, locutorios informáticos, ximnasios e outros de natureza semellante) esixiráselles a insonorización mínima establecida no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa.

Disposición adicional quinta

No título substitúese a referencia a “Edificios Catalogados” por “Ámbitos Catalogados”.

O parágrafo terceiro en lugar de “edificios catalogados” dirá “ámbitos suxeitos a protección patrimonial” para os efectos de aplicar a excepción.

Engádesse un parágrafo cuarto coa seguinte redacción:

“Nos locais ubicados en edificios catalogados nos que sexa imposible cumprir o requisito de altura mínima por resultar incompatible coa normativa de protección do patrimonio cultural, pódese admitir con carácter excepcional, previa petición debidamente motivada do promotor, a redución ata un 10% do requisito de altura mínima de 2,50 m, sempre que teña por finalidade mellorar as condicións de insonorización dos paramentos do local.

Xustificación: dar acollida a ámbitos catalogados (por exemplo, protección do Camiño) e non exclusivamente aos edificios. Posibilitar en edificios catalogados a compatibilidade de medidas de protección do patrimonio coa adopción de medidas de insonorización acústica.

Introdución dunha disposición transitoria terceira

O texto será o seguinte:

“Os establecementos que pretendan ofertar espectáculos, servizos ou desenvolver actividades complementarias ou adicionais que non consten nos seus títulos habilitantes actuais deberán presentar a correspondente declaración responsable á que deberán achegar a seguinte documentación:

Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste o nivel de aillamento do local con relación a todos os paramentos, incluída fachada.

Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste a instalación e posta en funcionamento do sonómetro, así como a súa capacidade para rexistrar e limitar o nivel de decibelios emitidos e existentes no local.

Acreditación da existencia de dobre porta ou xustificación asinada por técnico competente da imposibilidade da súa instalación e medidas alternativas.

Xustificación: axustar os títulos habilitantes dos establecementos ao tipo de actividades que realizan para permitir o axeitado exercicio das potestades de disciplina do Concello.

Procedemento de tramitación

En virtude do disposto no artigo 127.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, corresponde á Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos de ordenanzas.

Aos efectos do disposto no artigo 133 da lei 39/2015 de procedemento administrativo común, enténdese excluída a consulta previa ao se tratar dunha modificación parcial.

Unha vez aprobado o proxecto polo indicado órgano, a Ordenanza deberá someterse a aprobación do Pleno ao atribuírlle a competencia o artigo 123.1,d) da Lei 7/1985.

A tramitación axustarase ao seguinte procedemento, determinado no artigo 49 da Lei 7/1985, na redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril (B.O.E. do 22 de abril), de modificación da citada Lei 7/1985; que é o seguinte:

a) Aprobación inicial polo Pleno

b) Información pública e audiencia dos interesados, por prazo mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxestións

c) Resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva.

No caso de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

De acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e no artigo 65 da Lei 7/1985, a modificación da Ordenanza non producirá

efectos, ata que non se leve a cabo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e tiveran transcorridos 15 días dende a súa publicación.

Para a aprobación da Ordenanza polo Pleno da Corporación é necesario o informe previo da Asesoría xurídica, segundo establece o artigo 89 do Regulamento orgánico municipal.

Non resulta preciso, sen embargo, someter a Ordenanza a informe previo da Intervención Xeral Municipal posto que non nos atopamos en ningún dos supostos previstos no artigo 173 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a aprobación do documento non xera de por si consecuencias que o fagan necesario, fóra dos potenciais ingresos que as taxas por ocupación poidan xerar no futuro.

Visto o exposto, sen prexuízo doutro parecer mellor en dereito ao que sometemos o presente informe e a modificación proposta, procede dar traslado do proxecto de modificación á xunta de goberno local a efectos de que adopte acordo no sentido de

Aprobar as modificacións da Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais aprobada polo Pleno na sesión ordinaria de 27 de novembro de 2003 modificada por acordo do Pleno de 1 de outubro de 2010, no senso do exposto no corpo do informe e que afecta aos artigos 42.2, 44.3 e 44.6. 47; disposición adicional terceira, disposición adicional quinta; e á inclusión dunha disposición transitoria terceira.

Remitir ao Pleno o proxecto aprobado para a súa tramitación nos termos do artigo 49 da LRBRL.”

Figura no expediente informe xurídico do director da asesoría xurídica de data 6 de xullo do corrente ano, máis acordo da Xunta de Goberno de aprobación do proxecto da mesma data.

Rematado o debate, e a vista do informe proposta transcrito, demais documentación que obra no expediente e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión do día 17 de xullo do corrente ano (no que se introduce emenda no segundo parágrafo do artigo 47.1), e o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (10 CA e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, e 3 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

Primeiro: Á aprobación inicial das modificacións da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais, e que afectan aos artigos 42.2, 44.3, 44.6, 47, disposición adicional terceira, disposición adicional quinta, e á inclusión dunha disposición transitoria terceira, que quedarían redactados do seguinte xeito:

Engádesse un apartado 2 no artigo 42

Redacción proposta

2. Nos establecementos públicos dedicados a máis dun tipo de espectáculos, á prestación de máis dunha clase de servizos ou ao desenvolvemento de máis dunha categoría de actividades recreativas compatibles, cumprirá que conste esa circunstancia nos títulos habilitantes. Estes títulos indicarán cal é o espectáculo, servizo ou actividade recreativa que se considera principal do establecemento. As condicións específicas sobre aforo ou cabida, evacuación, límites sonométricos e horario serán as do espectáculo, servizo ou actividade recreativa declarada como principal.

Supresión do artigo 44.3

3. Superficies mínimas esixibles

A superficie mínima dos establecementos, medida en planta baixa e sen computar a entreplanta, se a houber, será de:

- a) Grupo I: sesenta (60) metros cadrados.
- b) Grupo II: oitenta (80) metros cadrados.
- c) Grupo III: cento cincuenta (150) metros cadrados.
- d) Grupo IV: douscentos cincuenta (250) metros cadrados.
- e) Grupo V: cen (100) metros cadrados.

De forma excepcional, nos edificios de uso exclusivamente comercial a superficie mínima poderá considerarse noutras plantas.

Modificación do artigo 44.6

Redacción proposta

6. Con carácter xeral, nos establecementos dos Grupos I a V permítese a amenización ou ambientación musical por medios técnicos ou con voz e música en directo, con ou sen amplificación. Non se poderán superar, en ningún caso, os niveis máximos de inmisión, emisión e recepción previstos no Anexo do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

Para estes efectos enténdese por amenización musical a realización en directo de actuacións musicais ou músico-vocais; e por ambientación musical a propagación ou difusión de música a partir dun sinal recibido por calquera medio de transmisión ou reproducida desde calquera clase de gravación diferente das actuacións ao vivo.

No caso de que se desenvolvan concertos en directo en establecementos habilitados para a prestación dese servizo como complementario doutra actividade principal, o aforo ou cabida do establecemento continuará sendo o correspondente á actividade principal. Considérase actividade principal a que conste no título habilitante do establecemento, a que é definitoria da súa categoría ou a que se desenvolva habitualmente.

Modificación do artigo 47.1 Instalación de aparello de control (sonógrafos)

Redacción proposta:

1. Para controlar os límites sonoros establecidos nesta Ordenanza e no Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa, os establecementos que desenvolvan actividades clasificadas dentro dos grupos II, III, IV e V están obrigados a instalar aparellos de control permanente de emisións sonoras, dotados de dispositivo que as interrumpa cando superen os límites establecidos. Os gastos derivados da instalación e funcionamento dos citados aparellos correrán por conta dos titulares da actividade.

Esta obrigación tamen lles será exixible aos establecementos do Grupo I cuxo título habilitante lles permita contar con amenización ou ambientación nos termos definidos no apartado 6 do artigo 44 desta Ordenanza.

Disposición adicional terceira

Redacción proposta:

Os outros tipos de actividades molestas non previstas especificamente nesta Ordenanza (talleres, garderías baixo vivendas, panaderías e pastelerías -con fabricación- carnicerías, locutorios informáticos, ximnasios e outros de natureza semellante) esixiráselles a insonorización mínima establecida no Decreto 106/2015 sobre contaminación acústica de Galicia ou norma que o substitúa.

Disposición adicional quinta

No título substitúese a referencia a “Edificios Catalogados” por “Ámbitos Catalogados”.

O parágrafo terceiro en lugar de “edificios catalogados” dirá “ámbitos suxeitos a protección patrimonial” para os efectos de aplicar a excepción.

Engádesse un parágrafo cuarto coa seguinte redacción:

“Nos locais ubicados en edificios catalogados nos que sexa imposible cumprir o requisito de altura mínima por resultar incompatible coa normativa de protección do patrimonio cultural, pódese admitir con carácter excepcional, previa petición debidamente motivada do promotor, a redución ata un 10% do requisito de altura mínima de 2,50 m, sempre que teña por finalidade mellorar as condicións de insonorización dos paramentos do local.

Introdución dunha disposición transitoria terceira

O texto será o seguinte:

“Os establecementos que pretendan ofertar espectáculos, servizos ou desenvolver actividades complementarias ou adicionais que non consten nos seus títulos habilitantes actuais deberán presentar a correspondente declaración responsable á que deberán achegar a seguinte documentación:

Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste o nivel de aillamento do local con relación a todos os paramentos, incluída fachada.

Certificación de empresa homologada con capacitación técnica suficiente na que conste a instalación e posta en funcionamento do sonómetro, así como a súa capacidade para rexistrar e limitar o nivel de decibelios emitidos e existentes no local.

Acreditación da existencia de dobre porta ou xustificación asinada por técnico competente da imposibilidade da súa instalación e medidas alternativas.

Segundo: En aplicación do procedemento regulado polo artigo 49 da Lei 7/19785 de bases de réxime local, a modificación inicialmente aprobada someterase á información pública e audiencia dos interesados durante o prazo de 30 días.

No suposto de que non se tiveran formulado reclamacións ou suxestións durante o período de información pública e audiencia aos interesados, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente de una por finalizada sendo as 17:15 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández